



O macizo de Pena Trevinca, baixo a ameaza dos intereses económicos

O noso Club, ante o acoso que sofre a montaña galega, pretende concienciar á sociedade sobre a necesidade de defender as áreas de montaña e concretamente as montañas de Trevinca. Para acadar tal fin elaboramos este documento que xa ten recollido o apoio das entidades que ao pé se detallan.



Ao fondo, o cumio de Pena Trevinca
Foto: Marcos Rodríguez

PENA TREVINCA, A MONTAÑA GALEGA

Dende fai algúns anos revoan en torno ao macizo de Pena Trevinca canteiras, aereoxeradores e ata unha estación de esquí, impulsados en todos os casos por intereses particulares, que non cesan no intento e que cada vez cobran máis forza.

As canteiras xa estragaron toda a vertente Norte, Casaio, Fonte da Cova, etc., quedando illado o importante bosque do Teixedal, un pequeno reducto onde se atopan os últimos teixos de Galicia con árbores milenarias.

Cara ao Este temos o Parque Natural do Lago de Sanabria, e todo o macizo está dentro da Rede Natura 2000.

Agora, nas serras do Eixe, a Mina e Segundeira onde están moitos dos lugares máis emblemáticos para os montañeiros galegos: Maluro, Pena Negra, Pena Trevinca, Turriello, Xares, Serpe, atópanse en perigo baixo a ameaza de aereoxeradores, pilonas, estradas, hoteis, pistas de esquí e remontes ata o mesmo cumio de Pena Trevinca, a montaña máis alta de Galicia e a única, xunto con Pena Negra, que superan os 2.000 m.

Na prensa lense continuamente artigos reivindicando a futura estación de esquí, artigos escritos por empresarios da zona e constructores que o único que perseguen son os cartos para uns poucos. E os montañeiros non dicimos nada, ou acaso ¿o que cala outorga?.

¿Que pasara cando metan as pas en lugares únicos como o val do Xares? Nós levaremos as mans a testa, pero xa será tarde.

Nós sabemos a desfeita que causaría unha estación de esquí. Nós mellor que ninguén sabemos que non hai neve dabondo. Nós sabemos que sería un Manzaneda II.

¿Imos ter aereoxeradores en todas as serras galegas?

Hai montañas que deberían ser intocables nas serras de Ancares, Caurel e Trevinca ... Porque cando os cumios e os vales destes lugares emblemáticos estean mortos, ¿onde iremos os montañeiros galegos? ¿coñeceran os nosos fillos as montañas galegas?

A nosa obriga como clubs de montaña é conservarlas e defendelas.

Inda estamos a tempo.

DEFENDAMOS AS NOSAS MONTAÑAS !
DEFENDAMOS TREVINCA !

Texto: Club Montañeiros Celtas

Co apoio de: Federación Galega de Montañismo (FGM), Club Peña Trevinca – Montañeiros de Galicia (Vigo), Sociedade de Montaña Ártabros (A Coruña), Club Deportivo Fontiñas (Santiago), Pórtico – Sección de Montaña (Ferrol), Clube de Montaña Ribeira Sacra (Parada do Sil), Grupo de Montaña Alud (Vigo), Clube de Montaña Xistra (Vigo), Club Montañeiros de Pontevedra (Pontevedra), Club Peña Trevinca (O Barco), Club A Peniza (Lalín), Club Serra do Suído (Vigo), Escola Galega de Alta Montaña (EGAM).